

Primaria

Ciencias Sociais 3

Programación

Unidade 8

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

A artesanía, a industria e os servizos.

Descrición da unidade

Nesta unidade didáctica introduciremos o alumnado na artesanía e na industria, e nos servizos.

Os traballos na artesanía e na industria forman parte das actividades do sector secundario, que implica a transformación de alimentos e de materias primas a través de diferentes procesos produtivos. Por outro lado, o sector servizos, ou sector terciario, toma importancia coa introdución do transporte, do comercio e do turismo.

- Xa desde tempos remotos, o home elaborou os produtos que ían satisfacendo as súas necesidades básicas e non básicas. A artesanía veuse practicando como tradición familiar, formándose comunidades diferenciadas por esa actividade, ao igual que os gremios e as castas.
- A industria realiza actividades relacionadas coa transformación das materias primas en produtos manufacturados, ben para ser consumidos directamente ou para ser transformados noutras industrias.
- O sector terciario ten unha importancia fundamental nas nosas vidas. Cada día, sen decatarnos, entramos en contacto con este sector: cando compramos comida, cando imos á escola, cando vemos a televisión, cando viaxamos en tren...
- Os transportes convertéronse nun servizo fundamental para o desenvolvemento económico, ao igual que as actividades comerciais e o turismo.

Temporalización:

Maio

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Mostrar ao alumnado cales son os produtos naturais e cales os produtos elaborados.
- Identificar que son as materias primas e saber para que serven.
- Coñecer a artesanía e os oficios artesáns.
- Coñecer a industria e os tipos de industria.
- Identificar os diferentes tipos de servizos e a súa necesidade.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Os produtos naturais e os produtos elaborados: definición e tipos; as materias primas. • A artesanía e a industria: os traballos artesáns e os tipos de artesanía; os traballos industriais e os tipos de industrias. • O transporte, o comercio e o turismo: os medios de transporte, os tipos de medios de transporte, a actividade industrial e a actividade turística. 	1. Explicar que son os produtos naturais e nomear os distintos tipos de produtos naturais.	1.1. Explica que son os produtos naturais e nomea os distintos tipos de produtos naturais.
	2. Explicar que son os produtos elaborados e nomear distintos tipos de produtos elaborados.	2.1. Explica que son os produtos elaborados e nomea distintos tipos de produtos elaborados.
	3. Definir artesanía e coñecer o lugar onde se realiza e as persoas que a levan a cabo.	3.1. Define a actividade artesá e as persoas que a levan a cabo. 3.2. Coñece os talleres artesáns e sabe para que serven.
	4. Coñecer distintos tipos de artesanía e os seus produtos.	4.1. Coñece distintos tipos de artesanía e os produtos que elaboran.
	5. Definir industria e o lugar onde se realiza.	5.1. Define a actividade industrial e coñece os traballadores industriais. 5.2. Coñece as fábricas e sabe para que serven.
	6. Coñecer distintos tipos de industrias e os produtos que se elaboran nelas.	6.1. Coñece distintos tipos de industrias e os produtos que se elaboran nelas.
	7. Valorar o traballo artesán e o traballo industrial.	7.1. Valora o traballo dos artesáns e o dos traballadores industriais.
	8. Definir medios de transporte e coñecer os seus tipos.	8.1. Define medios de transporte e coñece os seus tipos.
	9. Definir o comercio e coñecer os seus tipos.	9.1. Define o comercio e coñece os seus tipos.
	10. Definir o turismo e coñecer os seus tipos.	10.1. Define o turismo e coñece os seus tipos.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Caderno de traballo (CT)

Estándares de aprendizaxe aviliables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Explica que son os produtos naturais e nomea os distintos tipos de produtos naturais.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Actividades propostas no CT. • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF.
2.1. Explica que son os produtos elaborados e nomea distintos tipos de produtos elaborados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF.
3.1. Define a actividade artesá e as persoas que a levan a cabo.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha de reforzo dos RF. • Actividades propostas no CT.
3.2. Coñece os talleres artesáns e sabe para que serven.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas no CT. • Actividades propostas na PD. • Ficha de ampliación dos RF.
4.1. Coñece distintos tipos de artesanía e os produtos que elaboran.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proxecto proposto na PD. • Ficha de ampliación dos RF
5.1. Define a actividade industrial e coñece os traballadores industriais.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proxecto proposto na PD. • Ficha de ampliación dos RF
5.2. Coñece as fábricas e sabe para que serven.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas no CT. • Actividades propostas na PD. • Ficha de reforzo dos RF
6.1. Coñece distintos tipos de industrias e os produtos que se elaboran nelas.	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas do LA. • Actividades propostas no CT. • Ficha de ampliación dos RF. • Ficha de reforzo dos RF
7.1. Valora o traballo dos artesáns e o dos	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas do LA.

traballadores industriais.	<ul style="list-style-type: none">• Actividades propostas no CT.
8.1. Define medios de transporte e coñece os seus tipos.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividades propostas na PD.
9.1. Define o comercio e coñece os seus tipos.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividades propostas no CT.• Actividades propostas na PD.
10.1. Define o turismo e coñece os seus tipos.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividades propostas no CT.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.	Participa en asembleas, diálogos e debates sobre as diferentes actividades que se relacionan cos sectores secundario e terciario.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.	Resolve problemas matemáticos aplicados á vida cotiá relacionados coas actividades dos sectores secundario e terciario.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Usa as TIC para a busca de información nas actividades consideradas e elaboración de traballos (turismo sostible, comercio...).
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe.	Aplica contidos e aprendizaxes relacionados cos traballos que se realizan nos diferentes sectores económicos.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Desenvolve capacidade para entender outras persoas.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Toma conciencia e pon en práctica normas de seguridade no traballo e actitudes responsables de consumo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Participa en diálogos e debates sobre a necesidade de respectar as normas de convivencia.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	Participa dun xeito eficaz e construtivo na vida social e no desenvolvemento de estratexias para resolver conflitos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Desenvolve o sentido do gusto e a estética á hora de realizar o minixornal e o informativo de noticias.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Todo un experto

- Identificamos ideas previas no LA e suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos a lectura inicial no LA e a interpretación de imaxes coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades propostas despois da lectura no LA.
- Completamos con actividades da PD

Tarefa 2: Produtos naturais e produtos elaborados

- Introducimos o concepto de produto natural e produto elaborado coas suxestións metodolóxicas da PD e a través do LA.
- Coñecemos os distintos tipos de produtos naturais e a súa procedencia no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Identificamos o proceso de confección de produtos elaborados a partir de materias primas agrícolas no LA, suxestións metodolóxicas da PD e actividades interactivas do LD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 3: A artesanía e a industria

- Introducimos o concepto de artesanía así como os tipos de artesanía coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos os traballos industriais e os tipos de industria no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: O transporte, o comercio e o turismo

- Introducimos os conceptos de transporte, comercio e turismo facendo uso do LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Traballamos de forma cooperativa como propón a PD.
- Coñecemos os tipos de medio de transporte, os tipos de turismo e os tipos de comercio no LA, suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 5: Pequenos investigadores

- Introducimos os termos segundo as suxestións metodolóxicas da PD.
- Investigamos sobre os medios de comunicación e a súa evolución no tempo a través do LA
- Realizamos as actividades do LA traballando en cooperativo como propón a PD.

Tarefa 6: Tarefas / Competencias

- Coñecemos o coidado do medio ambiente e afondamos nos coñecementos sobre os medios de comunicación a través do LA.

- Realizamos as actividades que propoñen as tarefas competenciais do LA segundo as suxestións da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 7: Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a formulación de debates, lecturas compartidas, xogos por equipos, actividades en parella, pequeno e gran grupo, etc.
- Visita a unha fábrica para estudar o xeito de obrigar ás fábricas e a nós mesmos coidar o medio coa tarefa «As fábricas e o medio ambiente».
- Elaboración dun «minixornal» coa tarefa «Contamos noticias», onde os alumnos e as alumnas se imaxinarán ser expertos xornalistas.
- Traballo de elaboración dun telegrama e un *e-mail*.
- Traballo de seguimento dun proceso nunha actividade industrial ou artesanal con materias primas ata converterse en produtos elaborados, desde o inicio ata o final do produto elaborado.
- Posta en común en gran grupo despois do traballo individual ou grupal.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Guías de clasificación, manuais, enciclopedias e medios informáticos de consulta.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolina, pinturas e lapis de cores ou ceras...

Recursos dixitais

- Libro dixital: Os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.

- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?